

# **REUNIÓN DA COMISIÓN 8.<sup>a</sup>, PESCA E MARISQUEO**

Día: 28.04.2017      Hora: 10:30

A Comisión 8.<sup>a</sup>, Pesca e Marisqueo, da que vostede forma parte, reunirase o próximo día 28 de abril de 2017, ás 10:30 horas, no pazo do Parlamento.

A orde do día é a seguinte :

**Punto 1. Preguntas orais en Comisión**

1. 5460 (10/POC-000946)  
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia  
Pérez Seco, José Manuel e 2 máis  
Sobre o coñecemento polo Goberno galego da situación da dársena do porto de Espasante, no concello de Ortigueira, as actuacións levadas a cabo por Portos de Galicia para a execución do proxecto de dragaxe presentado no ano 2013 e o prazo previsto, así como o investimento necesario para ese fin  
*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 76, do 02.03.2017*

**Punto 2. Proposicións non de lei en Comisión**

- 2.1 5532 (10/PNC-000532)  
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego  
Prado Cores, María Montserrat e 5 máis  
Sobre o inicio polo Goberno galego das actuacións precisas para recuperar a xestión pública do Servizo de Gardacostas de Galicia  
*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 75, do 01.03.2017*
- 2.2 6059 (10/PNC-000599)  
Grupo Parlamentario Popular de Galicia  
López Crespo, Carlos Enrique e 6 máis  
Sobre a continuación do Goberno galego coa elaboración periódica de información socioeconómica do sector pesqueiro, en concreto, das táboas input-output da pesca galega e das enquisas Ocupesca, co fin de achegala aos marcos decisorios europeos e estatal para a adopción de decisións máis xustas e equilibradas na materia  
*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 83, do 15.03.2017*
- 2.3 6405 (10/PNC-000647)  
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia  
Torrado Quintela, Julio e Toja Suárez, María Dolores  
Sobre a realización pola Sra. conselleira do Mar da reunión solicitada en

marzo de 2015 polos patróns maiores das confrarías da ría de Arousa para dar resposta ás cuestións formuladas en relación co marisqueo  
*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 83, do 15.03.2017*

- 2.4 6772 (10/PNC-000685)  
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia  
Toja Suárez, María Dolores e 2 máis  
Sobre o inicio polo Goberno galego dos trámites necesarios para a execución dos traballos de dragaxe do porto de Espasante antes do remate de 2017  
*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 92, do 29.03.2017*
- 2.5 6778 (10/PNC-000687)  
Grupo Parlamentario Popular de Galicia  
López Crespo, Carlos Enrique e 6 máis  
Sobre a demanda que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central co fin de flexibilizar a normativa europea de control de frota no exterior, no referido á dobre sanción que poden padecer os buques europeos no caso de cometeren infraccións no desenvolvemento da súa actividade pesqueira  
*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 92, do 29.03.2017*
- 2.6 7424 (10/PNC-000766)  
Grupo Parlamentario de En Marea  
Merlo Lorenzo, Juan José  
Sobre a demanda ao Goberno de España da creación dunha xestora encargada do estudo das condicións destinadas a beneficiar o futuro do sector pesqueiro ante o "Brexit"  
*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 100, do 19.04.2017*
- 2.7 7621 (10/PNC-000792)  
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego  
Presas Bergantiños, Noa e 5 máis  
Sobre a realización polo Goberno galego, en particular por Portos de Galicia, da provisión de fondos necesaria para executar o acceso sur da Guarda, en colaboración co concello e coa Deputación Provincial de Pontevedra  
*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 100, do 19.04.2017*

Os grupos parlamentarios poderán presentar emendas ás mocións e ás proposicións non de lei ata seis horas antes do inicio da sesión, o abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento.

O que lle comunico para o seu coñecemento e a súa convocatoria á devandita reunión.

Santiago de Compostela, 24 de abril de 2017

Marta Rodríguez Arias

Presidenta da Comisión

# RELACIÓN DE MEMBROS DE **COMISIÓN 8.ª, PESCA E MARISQUEO**

POR ORDE ALFABÉTICA

## **Mesa**

Presidenta

Marta Rodríguez Arias

P

Vicepresidente

José Alberto Pazos Couñago

P

Secretario

Juan José Merlo Lorenzo

EM

## **Vogais**

Teresa Egerique Mosquera

P

María Ángeles García Míguez

P

Carlos Enrique López Crespo

P

María Montserrat Prado Cores

BNG

María Soraya Salorio Porral

P

Carmen Santos Queiruga

EM

María Dolores Toja Suárez

S

Julio Torrado Quintela

S

Daniel Vega Pérez

P

Reunión da Comisión 8.<sup>a</sup>, Pesca e Marisqueo

Día: 28.04.2017

Hora: 10:30

Orde do día

1. Preguntas orais en Comisión

**Reunión da Comisión 8.<sup>a</sup>, Pesca e Marisqueo**

**Día: 28.04.2017**

**Hora: 10:30**

**Orde do día**

1.1 5460(10/POC-000946)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Pérez Seco, José Manuel e 2 máis

Sobre o coñecemento polo Goberno galego da situación da dársena do porto de Espasante, no concello de Ortigueira, as actuacións levadas a cabo por Portos de Galicia para a execución do proxecto de dragaxe presentado no ano 2013 e o prazo previsto, así como o investimento necesario para ese fin

*Publicación da iniciativa, 76, 02.03.2017*



Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

José Manuel Pérez Seco, María Dolores Toja Suárez e Julio Torrado Quintela, deputados e deputada pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 8ª.

A cantidade de area acumulada na dársena do porto de Espasante no concello de Ortigueira, aumenta ano tras ano o que supón un perigo para os barcos pesqueiros e lanchas de recreo.

Dende Portos de Galicia xa se realizaron diversas tomas de mostras do material a dragar, para analízalo e coñecer as súas características, e en función diso decidir onde se pode verter, trala conclusión, trátase dun material areoso de boa calidade.

En xullo de 2013 o presidente de Portos de Galicia, presentou un proxecto de dragado explicando a que superficie afectaría, e a cantidade de area que sería retirada ata acadar un calado de 2 metros, comprometéndose a iniciar as obras na primavera do 2014, pero en maio de 2014 confirmouse o atraso pola necesidade de facer un estudio arqueolóxico do castro de Punta dos Prados.

Ante esta situación os deputados e a deputada que asinan formulan as seguintes preguntas:

1ª) É coñecedor o Goberno galego da situación da dársena do porto de Espasante?

2ª) Fixo Portos de Galicia o estudio arqueolóxico do castro de Punta dos Prados, se for o caso, cales foron as conclusións do dito estudo?





PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 21/02/2017 16:30  
Nº Rexistro: 5460  
Data envío: 21/02/2017 16:28:41.655



 Grupo Parlamentario

3ª) Ten o Goberno galego previsto algún prazo para desenvolver o proxecto do dragado do porto de Espasante?

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

4ª) Ten Portos de Galicia feito o estudio de xestión do material, é dicir, onde se vai depositar ou se hai posibilidades de darlle algún uso?

5ª) Cal vai ser o investimento do proxecto de dragado do porto de Espasante?

Pazo do Parlamento, 20 de febreiro de 2017

**Asinado dixitalmente por:**

**Jóse Manuel Pérez Seco na data 21/02/2017 12:54:59**

**María Dolores Toja Suárez na data 21/02/2017 12:55:10**

**Julio Torrado Quintela na data 21/02/2017 12:55:23**

Reunión da Comisión 8.<sup>a</sup>, Pesca e Marisqueo

Día: 28.04.2017

Hora: 10:30

Orde do día

2.       Proposicións non de lei en Comisión

**Reunión da Comisión 8.ª, Pesca e Marisqueo**

**Día: 28.04.2017**

**Hora: 10:30**

**Orde do día**

2.1 5532(10/PNC-000532)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e 5 máis

Sobre o inicio polo Goberno galego das actuacións precisas para recuperar a xestión pública do Servizo de Gardacostas de Galicia

*Publicación da iniciativa, 75, 01.03.2017*



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galicia

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA  
REGISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 22/02/2017 18:03  
Nº Rexistro: 5532  
Data envío: 22/02/2017 18:03:16.559

## Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa das deputadas e deputados **Montserrat Prado Cores, Noa Presas Bergantiños, Ana Belén Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández, Xosé Luis Rivas Cruz e Luis Bará Torres**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 8ª**, relativa a instar á Xunta de Galiza a recuperar a xestión dos medios marítimos dos buques do Servizo de Gardacostas de Galicia.

No ano 2006 iniciábase o expediente de contratación polo procedemento aberto mediante concurso e trámite de urxencia para a contratación da xestión dos medios marítimos da Xunta de Galicia, mediante o cal os buques adscritos ao Servizo de Gardacostas de Galicia pasaban a ser xestionados a través dunha coñecida empresa.

Nun modelo onde os medios son achegados pola administración:

- Remolcador “Sebastián de Ocampo”
- Buque de salvamento e apoio “Irmáns García Nodal”
- Buque pesqueiro multipropósito “Valentín Paz Andrade”
- Patrulleira “Paio Gómez Charito”



OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 22/02/2017 18:03**  
**Nº Rexistro: 5532**  
Data envío: 22/02/2017 18:03:16.559

Dito contrato fíxoselle a primeira modificación o 17 de febreiro de 2009, a empresa incorporou o buque polivalente da súa propiedade, Ría de Vigo e minorou o prezo do servizo prestado en 600.000 euros, coa finalidade de axustar o prezo a realidade da súa execución.

A segunda minoración tivo lugar o 03/05/2010 cunha rebaixa de **257.504,57 euros** . A partir desa data fóronse sucedendo as respectivas prórrogas, nun modelo de permisividade administrativa que no seu día xa foi denunciado polo CIS.

Hai que lembrar que esta empresa realiza a prestación de dotar ás embarcacións de persoal, requisitos administrativos, mantemento, reparación, etc. De xeito que a empresa cubre as actuais dotacións (42 tripulantes), realizar labores de mantemento, actualización de permisos, certificados, etc, e reparacións cando fose preciso. Tendo como finalidade do contrato ter os medios a punto e disposición das necesidades da administración.

Estas son as razóns que levan ao Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego a formular a seguinte proposición non de lei para o seu debate na Comisión 8ª:

“O Parlamento galego insta á Xunta de Galiza a iniciar as actuacións precisas para recuperar a xestión pública do Servizo de Gardacostas de Galicia, que na actualidade está adxudicada e prorrogada indefinidamente a unha empresa privada.”



OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 22/02/2017 18:03**  
**Nº Rexistro: 5532**  
Data envío: 22/02/2017 18:03:16.559

Santiago de Compostela, 22 de febreiro de 2017

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**

**Noa Presas Bergantiños**

**Olalla Rodil Fernández**

**Xosé Luis Rivas Cruz**

**Luis Bará Torres**

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

**Ana Belén Pontón Mondelo**

Portavoz do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**María Montserrat Prado Cores na data 22/02/2017 17:29:03**

**Noa Presas Bergantiños na data 22/02/2017 17:29:09**

**Olalla Rodil Fernández na data 22/02/2017 17:29:14**

**Xosé Luis Bará Torres na data 22/02/2017 17:29:17**



OFICINA PARLAMENTAR  
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 22/02/2017 18:03**  
**Nº Rexistro: 5532**  
Data envío: 22/02/2017 18:03:16.559

**Xose Luis Rivas Cruz na data 22/02/2017 17:29:26**

**Ana Pontón Mondelo na data 22/02/2017 17:29:29**

**Reunión da Comisión 8.<sup>a</sup>, Pesca e Marisqueo**

**Día: 28.04.2017**

**Hora: 10:30**

**Orde do día**

2.2 6059(10/PNC-000599)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

López Crespo, Carlos Enrique e 6 máis

Sobre a continuación do Goberno galego coa elaboración periódica de información socioeconómica do sector pesqueiro, en concreto, das táboas input-output da pesca galega e das enquisas Ocupesca, co fin de achegala aos marcos decisorios europeos e estatal para a adopción de decisións máis xustas e equilibradas na materia

*Publicación da iniciativa, 83, 15.03.2017*





GRUPO PARLAMENTARIO  
POPULAR DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA  
REGISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 03/03/2017 16:30  
Nº Rexistro: 6059  
Data envío: 03/03/2017 14:38:29.312

### Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a través do seu Portavoz, e por iniciativa deputados e deputadas, Carlos López Crespo, M<sup>a</sup> Ángeles García Míguez, Teresa Egerique Mosquera, Soraya Salorio Porral, Alberto Pazo Couñago, Marta Rodríguez Arias e Daniel Vega Pérez, ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **Proposición non de Lei en Comisión**.

#### Exposición de motivos:

A actividade pesqueira constitúe un dos piares básicos entre os sectores económicos de Galicia. Certifícao o Instituto Galego de Estatística no seu “Análise do sector da pesca”, a terceira radiografía dunha serie que analiza sectores tradicionais da economía galega, que sigue ao forestal e á automoción.

Entre a explotación do recurso acuático e o consumo final desenvólvense toda unha serie de actividades a carón dos produtos que van dende o seu tradicional aproveitamento a través da pesca extractiva á comercialización final do produto.

Polo medio, unha serie de actividades características e directamente relacionadas como a acuicultura ou a industria transformadora, pero tamén aquelas actividades indirectamente afectadas pola pesca. Falamos das industrias que fornecen de medios produtivos o sector, no que ocupa un papel importante a construción e reparación naval, pero tamén doutras actividades que prestan servizos que se precisan para desenvolver estas actividades económicas.

Nos últimos anos, a pesca ten recuperado o seu peso no conxunto do PIB. Se excluimos as actividades do sector servizos e a construción (que achegan conxuntamente o 69% do PIB galego) teríamos as actividades do sector primario e secundario. Neste subconxunto de actividades o sector da pesca sitúase como o cuarto sector con maior presenza na economía galega, só superado polo sector de xeración de enerxía eléctrica, o sector agrícola e gandeiro e a industria do automóbil.

Todos estes datos resultan de grande utilidade á hora de tomar decisións máis xustas e equilibradas en materia de política pesqueira, de forma que nos marcos de decisión europeo primen tamén os criterios socioeconómicos e non só os ecolóxicos.

Por este motivo, a Consellería do Mar asinou un acordo de colaboración en 2011 coa Universidade de Santiago de Compostela para coñecer a importancia e a realidade do sector pesqueiro galego, a súa dimensión e a súa relación con outros sectores da economía, a través da metodoloxía das táboas Input-Output, que supoñen unha

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63  
15701 Santiago de Compostela  
T. 981 551 510 F. 981 551 422  
gp-pp@parlamentodegalicia.es  
www.ppdegalicia.com



GRUPO PARLAMENTARIO  
POPULAR DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 03/03/2017 16:30  
Nº Rexistro: 6059  
Data envío: 03/03/2017 14:38:29.312

importante fonte de información, xunto tamén á enquisa Ocupesca, que permite concretar mediante cifras exactas a importancia socioeconómica da pesca e da acuicultura.

Estas táboas consisten na elaboración dun documento que recolla as relacións interindustriais que xera a actividade pesqueira e proporciona unha descrición do seu proceso produtivo, partindo da definición conceptual de pesca galega como complexo industrial que integra a pesca extractiva, o marisqueo, a acuicultura mariña, a conserva e os novos transformados así como o sector comercializador pesqueiro.

A Xunta xa empregara este instrumento estatístico nos anos 1995 e 1999 pero, debido aos importantes cambios cualitativos e cuantitativos que experimentou a nosa comunidade nos últimos anos, se considera necesario actualizar esta ferramenta dun xeito periódico.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario Popular presentan a seguinte **Proposición non de Lei para o seu debate en Comisión:**

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia:

A continuar coa elaboración periódica de información socioeconómica do sector pesqueiro, concretamente das táboas Input-Output da pesca galega e das enquisas Ocupesca, ferramentas sumamente válidas, de cara a achegalas aos marcos decisorios europeos e estatal e que permitan tomar decisións máis xustas e equilibradas en materia de política pesqueira.”

Santiago de Compostela, 3 de Marzo de 2.017

**Asinado dixitalmente por:**

**Pedro Puy Fraga na data 03/03/2017 14:35:19**

**Carlos Enrique López Crespo na data 03/03/2017 14:35:52**

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63  
15701 Santiago de Compostela  
T. 981 551 510 F. 981 551 422  
gp-pp@parlamentodegalicia.es  
www.ppdeg Galicia.com



**GRUPO PARLAMENTARIO  
POPULAR DE GALICIA**



**PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 03/03/2017 16:30  
Nº Rexistro: 6059**  
Data envío: 03/03/2017 14:38:29.312

**María Ángeles Garcia Míguez na data 03/03/2017 14:36:06**

**Teresa Egerique Mosquera na data 03/03/2017 14:36:17**

**María Soraya Salorio Porral na data 03/03/2017 14:36:42**

**Alberto Pazos Couñago na data 03/03/2017 14:37:02**

**Marta Rodriguez Arias na data 03/03/2017 14:37:20**

**Daniel Vega Pérez na data 03/03/2017 14:37:47**

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63  
15701 Santiago de Compostela  
T. 981 551 510 F. 981 551 422  
gp-pp@parlamentodegalicia.es  
[www.ppdegalicia.com](http://www.ppdegalicia.com)

**Reunión da Comisión 8.<sup>a</sup>, Pesca e Marisqueo**

**Día: 28.04.2017**

**Hora: 10:30**

**Orde do día**

2.3 6405(10/PNC-000647)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Torrado Quintela, Julio e Toja Suárez, María Dolores

Sobre a realización pola Sra. conselleira do Mar da reunión solicitada en marzo de 2015 polos patróns maiores das confrarías da ría de Arousa para dar resposta ás cuestións formuladas en relación co marisqueo

*Publicación da iniciativa, 83, 15.03.2017*



Grupo Parlamentario

## Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa do seu deputado e da súa deputada **Julio Torrado Quintela** e **María Dolores Toja Suárez**, a través do seu portavoz, e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate en **Comisión 8.ª, Pesca e Marisqueo**.

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

### Exposición de motivos

O 27 de outubro de 2014, os/as que eran patróns/patroas maiores da ría de Arousa: Rianxo, A Pobra, Cabo de Cruz, Aguiño, Ribeira, O Grove, Cambados, Vilanova, Illa de Arousa e Carril, foron recibidos pola conselleira do Mar, a fin de tratar varios asuntos, que afecta directamente ao desenvolvemento profesional das xentes do mar da ría de Arousa, e entre os máis apremiantes os que a continuación se enumeran:

1. Estudio e recuperación do canal do río Ulla na súa desembocadura para a recuperación do marisqueo na zona de libre marisqueo "Lombos do Ulla".
2. Saneamento dos bancos marisqueiros de Cabío e O Bohído para a súa recuperación.
3. Estudo da calidade das augas en diversos puntos da ría de Arousa.
4. Trazabilidade dos nosos produtos.
5. Control de depredadores.
6. Recuperación do Servizo de Inspección Pesqueira.

Na reunión anterior, a conselleira considerou os asuntos enumerados de especial relevancia, comprometéndose a dar solución aos mesmos á maior celeridade posible.

O 14 de xaneiro de 2015, os representantes das confrarías da ría de Arousa, foron citados polo secretario xeral da Consellería do Mar, D. Juan Carlos Maneiro Cadillo para tratar os mencionados asuntos. Nesa reunión acordaron a realización de estudos por parte da Consellería do Mar para a realización das intervencións procedentes a fin de corrixir o deterioro dos bancos marisqueiros, o restablecemento do control da ría, así como a



**Grupo Parlamentario**

convocatoria dunha reunión para finais de febreiro de ese ano, a fin de dar conta da marcha dos asuntos tratados.

O día 25 de marzo de 2015, se remitía escrito por parte dos mesmos patróns/patroas á Consellería de Presidencia, Administracións públicas e Xustiza. Reclamando a citada reunión comprometida coa Consellería do Mar. A día de hoxe, seguen sen resposta.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Comisión:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia, para que a maior urxencia, a Conselleira do Mar se reúna cos/coas patróns/patroas maiores das confrarías da ría de Arousa, co fin de dar resposta as cuestións formuladas na reunión do 27 de outubro de 2014, seguindo a solicitude que os propios patróns/patroas maiores cursaron en marzo de 2015.

Pazo do Parlamento, 9 de marzo de 2017

Asdo.: Julio Torrado Quintela  
María Dolores Toja Suárez  
Deputado e deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Xoaquín Fernández Leiceaga  
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

**Asinado dixitalmente por:**

**Julio Torrado Quintela na data 09/03/2017 13:38:01**

**María Dolores Toja Suárez na data 09/03/2017 13:40:54**

PARLAMENTO  
DE GALICIA



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
Data asento: 09/03/2017 13:58  
**Nº Rexistro: 6405**

Data envío: 09/03/2017 13:58:06.454



---

 Grupo Parlamentario

**Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 09/03/2017 13:41:01**

---

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

---

**Reunión da Comisión 8.<sup>a</sup>, Pesca e Marisqueo**

**Día: 28.04.2017**

**Hora: 10:30**

**Orde do día**

2.4 6772(10/PNC-000685)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Toja Suárez, María Dolores e 2 máis

Sobre o inicio polo Goberno galego dos trámites necesarios para a execución dos traballos de dragaxe do porto de Espasante antes do remate de 2017

*Publicación da iniciativa, 92, 29.03.2017*





Grupo Parlamentario

### Á Mesa do Parlamento

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia por iniciativa da súa deputada, María Dolores Toja Suárez, e dos seus deputados, Julio Torrado Quintela e José Manuel Pérez Seco, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte proposición non de lei para o seu debate na Comisión 8ª.

O porto de Espasante precisa dunha dragaxe, que vén reclamando dende hai anos. A pesca, o marisqueo e o turismo, vense afectados negativamente polas consecuencias da falta de calado.

A dársena do porto actualmente non cumpre coas condicións mínimas de seguridade. A area acumúlase ano tras ano sen que a promesa do Partido Popular de dragalo se chegue a realizar. Actualmente, segundo avisan dende a confraría, o calado é tan pequeno que a maior parte das embarcacións, xa sexan de recreo ou de pesca, teñen que buscar outros portos onde amarrar, como por exemplo o de Cariño.

O estado de abandono do porto é visible, xa que incluso a grúa, que deixou de usarse, porque no lugar de izamento, non había calado suficiente, que garantise a seguridade dos barcos, tivo que ser retirada polo seu deterioro. Actualmente, non hai grúa.

O sector marisqueiro tamén está a sufrir perdas importantes, sobre todo na produción de berberecho, debido á acumulación constante da area. Segundo os datos aportados pola propia confraría, os quilos extraídos de ameixa e berberecho, reducíronse notablemente:

ANO	2014	2015	2016
AMEIXA FINA	3.166	3.024	1.711
BERBRECHO	30.005	26.216	10.778

En consecuencia, en 2016 só se facturaron uns 105.000€.



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 17/03/2017 11:24  
Nº Rexistro: 6772  
Data envío: 17/03/2017 11:24:38.899



---

**Grupo Parlamentario**

O sector turístico tamén se resinte, xa que as embarcacións de recreo non poden acceder á dársena, co que os navegantes buscan outros portos. Incluso, unha empresa, que ofrecía o servizo de catamarán, tivo que retiralo, xa que agora, debido á falta de calado non é posible realizalo.

---

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

Por todo isto a deputada e os deputados que asinan presentan a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento de Galicia insta o Goberno galego a iniciar, no prazo máis breve posible, os trámites necesarios, para que antes de rematar o ano 2017, se teña efectuado a dragaxe no porto de Espasante.

Pazo do Parlamento, 15 de marzo de 2017

**Asinado dixitalmente por:**

**María Dolores Toja Suárez na data 17/03/2017 11:23:01**

**Julio Torrado Quintela na data 17/03/2017 11:23:16**

**Jóse Manuel Pérez Seco na data 17/03/2017 11:23:23**

**Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 17/03/2017 11:23:37**

**Reunión da Comisión 8.ª, Pesca e Marisqueo**

**Día: 28.04.2017**

**Hora: 10:30**

**Orde do día**

2.5 6778(10/PNC-000687)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

López Crespo, Carlos Enrique e 6 máis

Sobre a demanda que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central co fin de flexibilizar a normativa europea de control de frotas no exterior, no referido á dobre sanción que poden padecer os buques europeos no caso de cometeren infraccións no desenvolvemento da súa actividade pesqueira

*Publicación da iniciativa, 92, 29.03.2017*



GRUPO PARLAMENTARIO  
POPULAR DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 17/03/2017 11:45  
**Nº Rexistro: 6778**  
Data envío: 17/03/2017 11:45:48.801

### Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a través do seu Portavoz, e por iniciativa deputados e deputadas, Carlos López Crespo, M<sup>a</sup> Ángeles García Míguez, Teresa Egerique Mosquera, Soraya Salorio Porral, Alberto Pazo Couñago, Marta Rodríguez Arias e Daniel Vega Pérez, ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **Proposición non de Lei en Comisión**.

#### Exposición de motivos:

O Regulamento Comunitario sobre o Control de Flotas se atopa en pleno proceso de elaboración en Bruxelas, concretamente na fase de trílogos, entre o Parlamento Europeo, Consello e Comisión Europea. O Parlamento Europeo xa votou o 2 de febreiro deste ano a nova normativa que pretende a transparencia na flota que faena lonxe da UE.

A pretensión de impedir a emisión de autorizacións de pesca durante un ano para aqueles buques que foran sancionados por unha infracción grave nos últimos doce meses polo seu Estado membro, supón unha dobre sanción, posto que a sanción recaída no expediente tamén se tería que cumprir.

Existe un malestar no sector porque se pode dar o caso dunha dobre sanción, tanto polo Estado membro, neste caso en España, como tamén pola UE, o que implicaría deixar de pescar durante 12 meses, algo que sería inviable economicamente para calquera buque.

O sector considera que se pretende facer unha lei para todos pero sen ter en conta a especificidade das zonas nas que pescan ou dos países de bandeira, xa que cada país ten a súa propia normativa en materia de sancións, polo que un barco español pode ter unha sanción diferente ao doutro buque de bandeira dun país comunitario ao non ser considerada como grave nunha lexislación e na outra si, co que o castigo por parte da UE tamén sería distinto.



**GRUPO PARLAMENTARIO  
POPULAR DE GALICIA**



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REGISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 17/03/2017 11:45**  
**Nº Rexistro: 6778**  
Data envío: 17/03/2017 11:45:48.801

Por todo o dito, dende este grupo parlamentario cremos necesario que os trílogos a celebrar entre Comisión, Consello e Parlamento Europeo atemperen esta problemática, posto que no caso contrario os prexuízos para a frota poden ser desmesurados.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario Popular presentan a seguinte **Proposición non de Lei para o seu debate en Comisión:**

“O Parlamento de Galicia insta ao Goberno galego a dirixirse á Secretaría General de Pesca do Goberno Central para que demande ante as instancias europeas a flexibilización da norma de control de flotas no exterior, de maneira que nos trílogos se reconsidere e se corrixa a dobre sanción que poden padecer os buques europeos en caso de cometer faltas na súa actividade pesqueira”.

Santiago de Compostela, 17 de Marzo de 2.017

**Asinado dixitalmente por:**

**Pedro Puy Fraga na data 17/03/2017 11:29:04**

**Carlos Enrique López Crespo na data 17/03/2017 11:29:36**

**María Ángeles García Míguez na data 17/03/2017 11:29:47**

**Teresa Egerique Mosquera na data 17/03/2017 11:29:57**

**María Soraya Salorio Porral na data 17/03/2017 11:30:21**

**Alberto Pazos Couñago na data 17/03/2017 11:30:38**

**Marta Rodríguez Arias na data 17/03/2017 11:30:53**

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63  
15701 Santiago de Compostela  
T. 981 551 510 F. 981 551 422  
[gp-pp@parlamentodegalicia.es](mailto:gp-pp@parlamentodegalicia.es)  
[www.ppdeg Galicia.com](http://www.ppdeg Galicia.com)



**GRUPO PARLAMENTARIO  
POPULAR DE GALICIA**



**PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 17/03/2017 11:45  
Nº Rexistro: 6778**  
Data envío: 17/03/2017 11:45:48.801

**Daniel Vega Pérez na data 17/03/2017 11:31:19**

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63  
15701 Santiago de Compostela  
T. 981 551 510 F. 981 551 422  
gp-pp@parlamentodegalicia.es  
[www.ppdegalicia.com](http://www.ppdegalicia.com)

**Reunión da Comisión 8.ª, Pesca e Marisqueo**

**Día: 28.04.2017**

**Hora: 10:30**

**Orde do día**

2.6 7424(10/PNC-000766)

Grupo Parlamentario de En Marea

Merlo Lorenzo, Juan José

Sobre a demanda ao Goberno de España da creación dunha xestora encargada do estudo das condicións destinadas a beneficiar o futuro do sector pesqueiro ante o "Brexit"

*Publicación da iniciativa, 100, 19.04.2017*

## Á MESA DO PARLAMENTO

**O Grupo Parlamentar de EN MAREA**, por iniciativa do seu deputado **Juan José Merlo Lorenzo** e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei**, para o seu debate na Comisión 8ª, **relativa ao futuro da flota ante o Brexit**.

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A frota do Gran Sol, xunto coa frota das Malvinas, é un dos sectores insignia da pesca galega, a cal atopou a súa salvación en deixar de ser española. Hoxe case ningún buque dos que faenan nestes tradicionais caladoiros dos buques galegos ten pavillón español.

“A gran maioría da frota do Gran Sol que existe en España é de bandeira estranxeira, unha minoría de bandeira galega resiste, o resto despezouse”

As bandeiras son estranxeiras, pero as armadoras son galegas. A normativa europea permitiulles manter un continxente maioritario de tripulantes de aquí, con algunhas peculiaridades como a normativa francesa que impón un capitán galo naqueles buques nos cales ondea o seu pavillón. Os barcos deben cumprir outras obrigacións cos seus novos países, por exemplo as descargas, na súa maioría deben realizarse en portos británicos e franceses - hai que dar algo de movemento comercial aos seus radas -. Pero o peixe na súa maioría pescada, galo e rape, cárgase en camións e transportase a España. Nesa rada póxase e desde alí distribúese, a cargo das compañías comercializadoras, aos principais mercados peninsulares, principalmente Madrid e Barcelona.





O Reino Unido conseguiu a catalogación de Zona dependente exclusiva da pesca no ano 1982.-(III Convención das Nacións Unidas sobre o Dereito do mar artigos do 55 ao 75). Isto garántelle uns dereitos especiais e exclusivos na exploración e explotación dos seus recursos naturais que, a maiores da zona continental e da zona contigua (É o espazo de alta mar contiguo ao mar territorial e que se estende desde o límite exterior do mar territorial ata as 24 millas náuticas), dá unha extensión de 200 millas a contar a partir das liñas de base da zona contigua.

A Unión Europea recibiu hoxe, a carta de Londres que pon en marcha o proceso de saída de Reino Unido do bloque europeo.

O inicio do Brexit, colócanos nunha situación na que debemos analizar con calma, todas as oportunidades que este feito nos expón, co propósito de lograr mellores acordos, renegociar as condicións xa establecidas co resto dos países membros e a procura de melloras que beneficien ao sector pesqueiro español.

Estamos ante a oportunidade de renegociar as nosas cotas; oportunidade que se nos foi negada á entrada de España na Unión Europea, dado que estas estaban xa repartidas en beneficio dos estados membros que xa formaban parte da UE.

Non se busca unha confrontación co Reino Unido, pero tampouco podemos esquecer que este estado membro, desde a súa incorporación á UE, gozou dunha situación privilexiada sobre o resto dos estados membros. Tampouco podemos permitir que o estado saínte, do conxunto de membros da Comunidade Económica Europea, sexa o que estableza as directrices das negociacións.

Por elo, o grupo parlamentar de En Marea presenta a seguinte Proposición non de lei:



PARLAMENTO DE GALICIA  
REGISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 31/03/2017 11:32  
Nº Rexistro: 7424  
Data envío: 31/03/2017 11:32:00.441



*O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a que inste ao Goberno de España na urxente necesidade da creación dunha xestora que estea formada por todos os partidos políticos, representantes de asociacións do sector pesqueiro, empresas armadoras e sindicatos, para estudar en conxunto as demandas para presentar, que máis beneficien ao sector pesqueiro, ante o BREXIT.*

Santiago de Compostela, 31 de marzo de 2017.

Asdo.: Juan José Merlo Lorenzo,                      Asdo.: Luís Villares Naveira  
                    Deputado do G.P. de En Marea                      Voceiro do G.P. de En Marea

**Asinado dixitalmente por:**

**Juan José Merlo Lorenzo na data 31/03/2017 11:30:34**

**Luis Villares Naveira na data 31/03/2017 11:30:43**

**Reunión da Comisión 8.<sup>a</sup>, Pesca e Marisqueo**

**Día: 28.04.2017**

**Hora: 10:30**

**Orde do día**

2.7 7621(10/PNC-000792)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa e 5 máis

Sobre a realización polo Goberno galego, en particular por Portos de Galicia, da provisión de fondos necesaria para executar o acceso sur da Guarda, en colaboración co concello e coa Deputación Provincial de Pontevedra

*Publicación da iniciativa, 100, 19.04.2017*



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galicia

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REGISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 05/04/2017 12:19**  
**Nº Rexistro: 7621**  
Data envío: 05/04/2017 12:19:56.725

### Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa das deputadas e deputados **Noa Presas Bergantiños, Ana Belén Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández, Xosé Luis Rivas Cruz, Montserrat Prado Cores e Luis Bará Torres**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Comisión**, relativa á necesidade de dotar ao Porto da Guarda dunha saída sur.

A necesidade de mellorar o tráfico na Guarda e afrontar a saída sur da Guarda é unha demanda histórica. Unha saída encamiñada a solucionar os problemas de mobilidade de Concepción Arenal, vía esta que quedou inserida dentro do casco urbano, pasando de ser unha vía de comunicación ao Porto a unha das rúas con máis movemento da Guarda.

Debemos lembrar que nos 60 a rúa Concepción Arenal era unha comunicación óptima para o porto da Guarda. Cos anos, a continua urbanización de todo o recorrido, rematou por ser absorbida polo casco urbano inviabilizándoa como comunicación para os usos portuarios á que nun inicio serviu.

Dende o BNG somos conscientes que un dos sectores que xeraron traballo ao longo da historia na Guarda e que seguen a xerar é o sector pesqueiro. De xeito directo ou indirecto o porto da Guarda é un referente dentro da economía local, e como sector produtivo que temos, e non podemos permitir a súa desaparición, polo que para potenciar o seu crecemento é necesario mellorar as súas comunicacións viarias.



OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
Data asento: 05/04/2017 12:19  
**Nº Rexistro: 7621**  
Data envío: 05/04/2017 12:19:56.725

Tamén debemos separar os usos pesqueiros-industriais dos usos urbanos, polo que se xustifica a creación dunha vía de comunicación na zona sur que dea valor engadido as actividades portuarias sen interferir no día a día do casco urbano, librando así da sobrecarga de tráfico, posibilitando a realización de proxectos encamiñados a devolver a rúa ao pobo.

A realización do acceso sur tamén resulta beneficioso para o resto da economía guardesa, dado que cun acceso axeitado poderemos potenciar iniciativas para a mellora de sectores como o comercio ou a restauración, e sobre todo para dar protagonismo ás persoas sobre os vehículos.

Hoxe, A Guarda conta cun documento como é o “Plan de Mobilidade da Guarda” realizado pola Deputación de Pontevedra, realizado por expertos técnicos na materia e na que se contou coa colaboración de diferentes colectivos que foron convidados a participar na súa confección amosando ás súas recomendacións que coincide nas súas conclusións coa visión que dende o BNG levamos expresando sobre o futuro da Guarda, un pobo habitábel, onde as persoas sexan o centro e todo xire ao seu redor, para iso debemos afrontar unha serie de cambios que pasan primeiramente por cambiar a mentalidade sobre o uso que facemos do casco urbano. O documento deixa claro que hai que traballar na realización do acceso sur como eixo vertebral dun novo modelo de entender o urbanismo e a mobilidade na Guarda.

Polas razóns expostas, o Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en comisión:



OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 05/04/2017 12:19**  
**Nº Rexistro: 7621**  
Data envío: 05/04/2017 12:19:56.725

“O Parlamento de Galiza insta ao Goberno galego, en particular a Portos de Galiza, á provisión de fondos para proceder á realización do acceso sur da Guarda, en colaboración co concello e a Deputación de Pontevedra.”

Santiago de Compostela, 5 de abril de 2017

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**

**Noa Presas Bergantiños**

**Olalla Rodil Fernández**

**Xosé Luis Rivas Cruz**

**Luis Bará Torres**

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

**Ana Belén Pontón Mondelo**

Portavoz do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**María Montserrat Prado Cores na data 05/04/2017 12:11:21**

**Noa Presas Bergantiños na data 05/04/2017 12:11:26**

**Olalla Rodil Fernández na data 05/04/2017 12:11:31**



OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 05/04/2017 12:19**  
**Nº Rexistro: 7621**  
Data envío: 05/04/2017 12:19:56.725

**Xose Luis Rivas Cruz na data 05/04/2017 12:11:34**

**Xosé Luis Bará Torres na data 05/04/2017 12:11:38**

**Ana Pontón Mondelo na data 05/04/2017 12:11:41**